

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

[www.marinasbetanzos.org](http://www.marinasbetanzos.org); [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); [info@marinasbetanzos.org](mailto:info@marinasbetanzos.org)

**ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2011.**

En Bergondo, a 12 de setembro de 2011, no local social de Santa Marta de Babío (Bergondo) sendo as 19.15 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

**Asistentes:**

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Sindicato Labrego Galego).
- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Val de Aranga).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Uxio Leira Nogales en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de Turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dña. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- o D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- o D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- o Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- o D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- o Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

-----

#### A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

A presidencia informa aos asistentes que en ausencia da Secretaria da Asociación, Dona Concepción Lema Torre, exercerá nesta reunión como Secretario, D. José Francisco Castro Vilariño, representante da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).

### **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da sesión anterior.

### **2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER**

#### **2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

##### **2.1.1. Creación empresa comercializadora por maior agrícola gandeira (Expte. L11-41300-29-0112)**

Con data 20 de xuño de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de creación dunha empresa de comercialización ao por maior agrícola-gandeira (Betanzos) promovido pola sociedade limitada Comercial S.Panete S.L.

Os membros da sociedade son coñecedores do sector, xa que levan moitos anos no sector gandeiro adicado a importación, venda, instalación e mantemento de salas de muxir e de frío. Este proxecto consiste na construción dunha nave para exposición e venda de material gandeiro, agrícola, ferraxería e de xardín, en Betanzos.

Disporá dun servizo de asesoramento técnico especializado no sector gandeiro. Preténdese colocar unha ampla exposición de boxes para xatos, muxidoras, tanque de frío, accesorios equinos, comedeiros de gando, ademais de aperos de labranza e xardín. O promotor se compromete a crear 2 empregos a xornada completa, colectivo desfavorecido. Os investimentos do proxecto serían a obra civil da nave.

Esta iniciativa pode animar a instalación de novos gandeiros e agricultores no territorio Mariñas-Betanzos. Tamén podería dar lugar á creación de novas empresas de transformación de produtos agrarios, contribuíndo a fixar poboación no rural, mantendo e incrementando a actividade agrícola-gandeira e reducindo custos de transporte e tempo dos agricultores-gandeiros.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. “Creación, ampliación e modernización de PEMES” Os investimentos desta iniciativa ascenden a 359.233,01 € (304.434,75.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 50 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35% (106.552,16.-€) sobre un orzamento elixible de 304.434,75.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.2. Melloras en industrias de panadería (Carral) (Expte. L11-41300-29-0114)**

Con data 20 de xuño de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de mellora dunha industria de panadería en Herves, promovido por unha persoa física, M<sup>a</sup> Rocío González Mesías.

A promotora do proxecto é dona dunha panadería tradicional e con este proxecto pretende ampliar a produción actual e incrementar a oferta de produtos como biscoitos e roscóns. Os investimentos do proxecto sería a instalación dun forno máis amplo e mellores prestacións que o actual así como os custos de elaboración do proxecto.

Esta iniciativa pode animar a outras panaderías a incrementar e diversificar a produción ou modernizarse, ademáis de influir nos agricultores a incrementar a plantación de trigo pais dunha calidade especial e diferenciada.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. “Creación, ampliación e modernización de PEMES”. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 71.744.- € (60.800.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 39 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 29,5% (17.936.-€) sobre un orzamento elixible de 60.800.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.3. Casa comidas tradicional en Abegondo (Expte. L11-41300-29-0104):**

Con data 18 de abril de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de creación dunha casa de comidas en Abegondo. A entidade promotora do proxecto é a

sociedade civil “Meson San Marcos SC” que conta na actualidade cun bar e que quere adaptar o piso superior para adicalo a restaurante de comidas con produtos galegos especialmente do territorio Mariñas-Betanzos.

Os investimentos do proxecto: armarios, menaxe e mantelería, expositor refrixerado e aire acondicionado.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado IV. “Servizos para a economía e a poboación rural”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 17.083,51.- € (14.477,55.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 51 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35,50% (5.139,53.-€) sobre un orzamento elixible de 14.477,55.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.1.4. Ampliación de estudo de fotografía (Expte L11-41300-29-0016):**

Con data 29 de xuño de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de ampliación dun estudo de fotografía en Abegondo. A entidade promotora do proxecto é a sociedade limitada, Magus 18-10 S.L., que conta na actualidade cun estudo de fotografía en Abegondo, adicado practicamente na súa totalidade ó deseño e distribución dunha revista promocional de servizos fotográficos, restaurantes, comercios, catering, empresas de animación etc. especializada en bodas e cuos potenciais clientes son a mesmas empresas.

A entidade promotora quere ampliar o negocio e ofertar o servizo de fotografía especialmente aos cidadáns do Concello de Abegondo xa que na actualidade non contan con este servizo no municipio. Os investimentos do proxecto consisten en adquirir unhas máquinas de fotos coas lentes para completar este novo servizo.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. “Creación, ampliación e modernización de PEMES”. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 11.836,78.- € (10.031,17.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 47 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 33,5% (3.360,44.-€) sobre un orzamento elixible de 10.031,17.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.1.5. Mellora tecnolóxica e produtiva en industria dedicada á fabricación de mobiliario industrial e comercial (Expte L11-41300-29-0118).**

A entidade promotora é a sociedade limitada “ELMADE S.L.” creada no ano 1998, situada no Concello de Culleredo, e adicada á fabricación de mobiliario industrial e comercial

O proxecto consiste na ampliación das instalación co obxecto de realizar unha mellora tecnolóxica e produtiva nunha industria adicada á fabricación de mobiliario industrial e comercial, a través da incorporación de maquinaria cun alto nivel tecnolóxico e de automatización.

O incremento da demanda sobre todo de clientes como o Grupo Inditex ou Camper, obriga a esta empresa a ampliar sus estruturas para poder competir no mercado actual.

Os investimentos solicitados consisten no mobiliario e maquinaria necesaria para á ampliación da empresa: un centro de traballo CNC, aplacadora de cantos, sistema de retorno, instalación aspiración, instalación eléctrica para a conexión das novas máquinas, equipo informático, e acondicionamento da entreplanta.

Adquire o compromiso de creación dun emprego, colectivo desfavorecido. Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. “Creación, ampliación e modernización de PEMES”. Os investimentos desta iniciativa ascenden a 395.350,03- € (335.042,40.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 33 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 26,5% (88.786,24.-€) sobre un orzamento elixible de 335.042,40.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

## **2.2. APROBACIÓN MODIFICACIÓN BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS PROGRAMA LEADER.**

O día 7 de xuño tense enviado a AGADER unha solicitude de autorización a modificación do baremo que se aplicará para valorar os proxectos produtivos que se acollan ás axudas do programa Leader xestionadas polo GDR Mariñas – Betanzos, previa autorización da Xunta Directiva en reunión celebrada o pasado día 6 de xuño.

Con data 24 de xuño AGADER requiriu ó Grupo certas aclaracións e correccións sobre dito baremo, que foron aprobadas pola Xunta Directiva en reunión do 5 de xullo de 2011 e posteriormente enviadas a AGADER. O día 22 de agosto de 2011 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a autorización definitiva de AGADER da modificación do baremo (criterios 1.2., 4.1. e 4.2., establecendo un tope máximo de axuda por proxecto produtivo de 120.000 euros e aumentando a nota de corte destes proxectos para ser subvencionable de 30 puntos a 45 puntos).

Criterios modificados:

<b>1.2. Características demográficas do Concello</b>	<b>(Máximo 10 puntos)</b>
<b>A.-Densidade de poboación do ano 2007</b>	<b>(Máximo 7 puntos)</b>
1.2.1: Concellos con densidade de poboación no 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega	7

(Aranga, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos)	
1.2.2: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 51% e 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	6,5
1.2.3: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 101% e 200% da media galega (Carral, Miño)	6
1.2.4: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 201% e 300 % da media galega (Bergondo)	5,5
<b>B.- Taxa de paro (fontes: Concellería de Traballo e Benestar e I.G.E. datos 2010)</b>	(Máximo 3 puntos)
12.1. Concellos cunha taxa de paro superior ao 0% e inferior ao 10,50% (Aranga, Carral, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Sada).	2
1.2.2. Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10,50% e inferior ao 11% (Abegondo, Bergondo)	2,33
1.2.3. Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 11% e inferior ao 11,50% (Betanzos, Cambre, Miño)	2,66
1.2.4. Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 11,50% (Arteixo, Culleredo)	3

### b) PUNTO 3: INCIDENCIA DO EMPREGO

3.1. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,75 puntos (a puntuación máxima se acadará con 3 empregos).	21 (Acumulables)
3.2. Por cada fracción de 0,25 empregos creados en colectivos desfavorecidos outorgase unha puntuación de 1,5 puntos (mulleres, mozos menores de 40 anos, discapacitados, inmigrantes, maiores de 55 anos, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM)). (a puntuación máxima se acadará con 2,5 empregos)	15 (Acumulables)

<b><i>Impacto sobre o territorio:</i></b>	<b>25 puntos</b>
<b>4.1. CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO</b>	<b>(MÁXIMO 20 PUNTOS)</b>
4.1.1: Apoio á implantación de servizos básicos e equipamentos necesarios para a mellora da calidade de vida da poboación local: (transporte, saúde, educativos, sanitarios, culturais, sociais, deportivos, asistenciais e de ocio).	15
4.1.2: Proxecto de transformación produtos forestais ou melloras no monte e no seu uso público	15
4.1.3: Proxectos innovadores de produción primaria, ou de transformación e comercialización de produtos agrarios e a súa posta no mercado (utilizar variedades tradicionais, novos cultivos, etc.)	15
4.1.4.: Proxectos que inclúan agrupacións de terras ou uso dos Bancos de Terras	15
4.1.5: Proxectos que inclúan autoabastecemento enerxético (posta produción vellas prantas de luz veciñais, caldeiras leña, placas solares, biodixestores, etc.) e/ou contribúan á loita fronte ao cambio climático con accións concretas.	10
4.1.6: Proxectos que nos investimentos iniciais utilicen insumos (materias primas e/ou servizos) de empresas do territorio (que teñan a súa sede social no ámbito territorial de Mariñas – Betanzos) mínimo 10% dos investimentos aceptados.	10
4.1.7. Non existe a actividade económica do proxecto no Concello (Segundo I.A.E. municipal)	10
<b>4.2. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>(MÁXIMO 5 PUNTOS)</b>
4.2.1. Proxectos cun fin principal de mellora ambiental (mellora da calidade medioambiental a través da posta en valor de recursos naturais; mellora recursos hídricos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados)	10
4.2.2. Proxectos que aínda non tendo como fin principal a mellora ambiental, inclúan investimentos destinados a melloras ambientais (conservación e mellora da biodiversidade e/ou implantación de sistemas de xestión ambiental, etc.).	10
4.2.3. Proxectos nos que empreguen enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético e/ou que conteñan implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos.	10

Este novo baremo entrará en vigor a partir da data da recepción da autorización de AGADER (22 de agosto).

### **2.3. INFORME SOBRE A INSTRUCCIÓN Nº 2/2011, DO 30 DE XUÑO DE 2011, SOBRE INVESTIMENTOS EN CENTROS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR Á POBOACIÓN.**

Con data 21 de xullo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a Instrucción nº2/2011 de AGADER, que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa recepción, onde se detalla o seguinte:

*Para a correcta aplicación do réxime de axudas do Programa LEADER Galicia 2007-2013, dítase esta instrucción, que elimina ás limitacións sectoriais establecidas no Réxime de Axudas do Programa LEADER 2007-2013 para os “investimentos en centros destinados a prestación de servizos de igualdade e benestar á poboación”, surtindo efecto a partires da data da notificación desta instrucción o Grupo de Desenvolvemento Rural.*

En función deste cambio, poderán subvencionarse Centros de atención a maiores.

### **2.4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE L11-43100-29-B004 DIVULGACIÓN PROGRAMA LEADER. ASISTENCIA A FEIRAS.**

Con data 21 de xuño de 2011, a Asociación Mariñas-Betanzos solicita a Agader e dentro da medida “431B Adquisición de capacidades e promoción do territorio” o financiamento dos seguintes gastos:

- Inscripción nas Feiras para a divulgación do Programa LEADER, material divulgativo (edición de trípticos, fotocopias), desprazamentos persoal, teléfono, envío de cartas.

Isto deu lugar a apertura do expediente “L11-43100-29-B004 Divulgación Programa Leader. Asistencia Feiras” por importe de 1.700.-€

A Xunta Directiva acorda a aprobación deste expediente anterior e que cando se reciba o I.C.E. favorable de AGADER se sigan os trámites oportunos.

### **3. PROXECTOS DE COOPERACIÓN EN MARCHA: LANZAMENTO PLAN ALIMENTARIO MARIÑAS – BETANZOS (2011-2014)**

Tal como se recollía na Acta da sesión anterior, actualmente están aprobados os seguintes proxectos de cooperación (información completa dispoñible no blog do Grupo ([www.gdr29.blogspot.com](http://www.gdr29.blogspot.com)):

#### **5.1. NUEVOS HORIZONTES (2010-2013)** (blog: <http://proyectonuevoshorizontes.blogspot.com>)

O obxectivo final do proxecto é **recuperar variedades tradicionais** galegas, así como probar novos cultivos de interese, fomentando a incorporación de novos activos agrarios.

#### **5.2. CALIDADE AGROALIMENTARIA (2011-2014)**

O obxectivo final é mellorar o valor engadido e a transformación das producións agroalimentarias, así como facilitar a **comercialización** destas, **mellorando os canais comerciais**, fundamentalmente a través de circuitos cortos, así como avaliando a posible creación de marcas de calidade.

### **5.3. INICIATIVAS RURAIS DE EMPREGO (2011)**

O obxectivo do proxecto é diseñar un Plan Estratéxico de **Emprego** para os territorios rurais socios do proxecto, centrado na posta en valor das terras agrarias e na incorporación de activos nas actividades ligadas ao sector agroforestal.

### **5.4. RED ASTURGALLEGA DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS (2011-2014)**

O obxectivo último é o fomento da **innovación** nas industrias agroalimentarias do territorio para mellorar a súa competitividade. Para elo, inicialmente traballárase con aproximadamente 10-15 agroindustrias do territorio, que voluntariamente queiran participar (industrias lácteas, vitivinícolas, panadería, ecolóxicas, etc.), chequeando estas empresas e propoñéndolles accións de mellora.

### **5.5. TERRITORIOS RURALES COMPROMETIDOS EN LA LUCHA CONTRA EL CAMBIO CLIMÁTICO (2011-2013)**

Os obxectivos finais do proxecto son contribuír á redución das emisións de CO<sup>2</sup> nos territorios asociados, buscando que as oficinas LEADER funcionen como “Oficinas de loita contra o cambio climático”. Para elo traballárase en varios eixos:

#### **Eixo I: Aforro e eficiencia enerxética (redución CO2):**

- 1.1. Difundir, fomentar e avaliar a implantación de boas prácticas para o aforro e eficiencia enerxética nas PEMES (industriais, agrícolas e gandeiras).
- 1.2. Diagnósticos e auditorias enerxéticas: realización de auditorias enerxéticas en edificios públicos (concellos, espazos deportivos, colexios) e Pemes.
- 1.3. Compromiso de respectar establecer os valores límites de temperatura en edificios de uso público.

#### **Eixo II: Fomento enerxías renovables:**

- 2.1. Fomento das instalacións solares en domicilios particulares (Elaboración de guía sobre a situación actual das tecnoloxías).

#### **Eixo III: Movilidad sostenible:**

- 3.1. Condución eficiente de vehículos turismos e industriais.
- 3.2. Fomentar o uso compartido do automóbil.

#### **Eixo IV: Xestión de residuos:**



4.1. Reciclaxe: Iniciación á poboación na compostaxe doméstica.

4.2. Reutilización: Implantar nos territorios mercados de segunda má.

**Eixo V: Fomento do emprego verde:**

5.1. Accións de formación dirixidas a un número de traballadores entre 20 e 30 de cada territorio.

5.2. Asesorías presenciais para autónomos, PEMES e novos emprendedores na creación de novas estruturas de traballo con especial referencia ás Empresas de Servizos Enerxéticos (ESEs).

5.3. Fomento da agricultura ecolóxica.

**Eixo transversal: Información, participación e sensibilización:**

- Adaptación e/ou preparación da Axenda Local 21 nas localidades que contén con ela ou vaian a implantar.

- Os GDR's animadores rurais para a loita contra o cambio climático.

- As sedes dos Grupos de Desenvolvemento Rural, adoptarán o papel de oficinas de loita contra o cambio climático e proporcionarán información aos habitantes sobre o cambio climático.

Nesta anualidade 2011 traballaríase o **Eixo I** (aforro e eficiencia enerxética) e o **Eixo II** (Fomento de enerxías renovables), así como o **eixo transversal**.

Estando todos estes proxectos moi relacionados entre si:

- Produción variedades locais e mobilidade de terras.
- Transformación e calidade.
- Comercialización.
- Fomento da innovación.
- Creación de emprego.
- Aforro enerxético e enerxías renovables no rural.

Ademais está solicitado á Consellería o **proxecto Agroemprega** para dar formación e insertar laboralmente a desempregados.

Estase traballando nunha **Candidatura a Reserva de Biosfera**, sendo unha futura liña de traballo asociar unha marca "Reserva de Biosfera" aos produtos agroalimentarios do territorio.

Tense solicitado á **Fundación Biodiversidade** un proxecto para a recollida, catalogación de variedades locais, así como fomentar o seu uso.

En base ó anteriormente exposto, propónse **LANZAR CONXUNTAMENTE** todos os proxectos baixo a idea-forza de deseñar e poñer en marcha un **PLAN ALIMENTARIO MARIÑAS – BETANZOS 2011-2014, cos seguintes obxectivos:**

1. Que identifique produtores/as e produtos do territorio, así como outros axentes (sindicatos, centros formación, centros de investigación, fundacións, etc.), abrindo o proceso de participación.
2. Recoller estes produtores/as e produtos nunha Guía, co obxecto de dalos a coñecer nos mercados.
3. Identificando os rasgos característicos destas producións no territorio, de cara a estudar a viabilidade dunha marca común.
4. Identificando variedades e producións de interese, fomentando o seu uso (“Rede de sementes”, etc.)
5. Fomentando e facilitando a incorporación de novos activos agrarios (mobilidade terras, formación, polígonos hortícolas, etc.).
6. Mellorando a comercialización das producións locais.
7. Apoiando a sostibilidade de produtores e transformadores (innovación, aforro enerxético, etc.).
8. Fomentando o consumo de producións do territorio (circuitos cortos, loita cambio climático, alianzas coa restauración, recuperación de sabores, etc.).
9. Fomentando a protección de terras agrarias e o seu uso e recuperación.
10. Garantir unha alimentación sana e de calidade.

**PROPONSE O LANZAMENTO DESTE PLAN ALIMENTARIO MEDIANTE ROLDA DE PRENSA NAS VINDEIRAS SEMANAS.**

A Xunta Directiva aproba por unanimidade todo o anteriormente exposto, relacionado co Plan Alimentario.

#### **4. VISITA A RESERVA DA BIOSFERA DE “LA PALMA”.**

Con data 27 de abril de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a resolución de concesión de axuda para o proxecto promovido polo GDR Mariñas – Betanzos “Accións formativas sobre as reservas da biosfera e adquisición de capacidades dos axentes locais” (L11-43100-29-B003).

Dentro deste proxecto existe unha partida destinada á organización e realización dunha visita dos membros da Xunta Directiva e Equipo xestor ás Reservas da Biosfera existentes que teñan semellanzas co territorio, coa finalidade de que sexa un referente na elaboración da candidatura da Reserva da Biosfera.

Na reunión de Xunta Directiva celebrada o pasado 5 de xuño, acordouse realizar unha visita á Reserva da Biosfera da Palma, dende o 14 ao 17 de setembro de 2011.

Faise entrega aos asistentes que van a realizar a viaxe dun dossier actualizado con toda a información relativa á visita a dita Reserva de Biosfera.

## **5. INFORME SUBVENCIÓN CONCEDIDA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: PROGRAMAS DIRIXIDOS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2011.**

Con data 22 de decembro de 2010, publícase no BOP a convocatoria de axudas da Deputación Provincial para programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica no 2011.

O día 31 de xaneiro de 2011, tense presentado unha solicitude á Deputación Provincial ao abeiro da convocatoria sinalada anteriormente, para **“II parte do Estudio: Posta en valor da vía XX: A Per Loca Marítima nas Mariñas – Coruñasas”**.

*Coa realización deste estudo, inicialmente buscábanse os seguintes traballos, a empezar no segundo semestre do ano 2011:*

- *Informe valorativo da actuación, no que se recollerá un avance dos resultados da actuación, incluíndo a descrición dos traballos e a documentación gráfica necesaria, na que constará ademais a seguinte documentación: a) localización dos xacementos; achados soltos; referencias e topónimos na cartografía co seu código de identificación. b) Listado dos xacementos, achados soltos, referencias e topónimos, co seu código de identificación, nome, parroquia, lugar, tipoloxía e adscrición e nº de folla do plano de localización.*
- *Elaboración das fichas dos xacementos arqueolóxicos, achados soltos, referencias e topónimos significativos nas fichas normativizadas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Localización na fotografía aérea e planos catastrais.*
- *Memoria técnica dos traballos, onde se incluírían as fichas individualizadas de cada elemento do patrimonio arqueolóxico onde consten, alomenos, os datos de: clave de identificación, denominación, localización, descrición, fotografía e plano de delimitación planimétrica.*
- *Elaboración estudo final (soporte papel e CD).*

Para a elaboración deste estudo solicitábanse 5.000 euros, dos que a Asociación Mariñas – Betanzos tería que aportar 1.000 euros.

Con data 8 de xullo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a resolución favorable desta axuda pola Deputación Provincial, concedendo unha axuda de 3.500 euros, sendo necesario xustificar un importe de 4.375 euros, dos que 875 euros serían a aportación propia da Asociación.

Polo que, co obxecto de xustificar a aportación propia solicitaríase un expediente LEADER, por exemplo para a elaboración dun mapa do territorio, onde aparte de marcar a Vía XX polo territorio de Mariñas – Betanzos, sinalaríanse os recursos máis salientables do territorio, podendo aproveitar o mapa xa elaborado por Mariñas - Betanzos.

A Xunta Directiva acorda por unanimidade a elaboración dun mapa do territorio.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS**

### **6.1. XORNADAS SOBRE O DESENVOLVEMENTO RURAL NO HORIZONTE 2014-2020 EN TOLEDO.**

O Presidente informa aos asistentes que os vindeiros 21 e 22 de setembro celebrárase esta xornada en Toledo, ao que está convidado a participar como relator en calidade de Presidente da Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural.

### **6.2. SOLICITUDE LIBERACIÓN FONDOS EXPTE. L-09-41300-29-0017. ESCOLA INFANTIL NA LAGOA (CONCELLO DE OLEIROS).**

Angel García Seoane co DNI: 76316992, en representación do Concello de Oleiros, comunicanos que o proxecto “L09-41300-29-0017 Nova escola infantil na Lagoa (Mianca)”, ten sufrido unha baixa na adxudicación do mesmo, polo que solicita que se contemple esta baixada no Programa Leader 2007-2013, liberando os fondos descomprometidos

A redución do orzamento vai dar lugar a unha liberación de fondos que serían comprometidos polos seguintes proxectos xa rematados:

- L10-41300-29-0039 Ampliación centro de día con zona de intervención multisectorial e zona interactiva en Culleredo.

- L10-41300-29-0034 Modernización fábrica de madeiras

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Bergondo, a 12 de setembro de 2011

O Secretario

Asdo.: D. José Francisco Castro Vilariño

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes